



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na inauguración do Encontro de Parlamentarios de Sanidade de Galicia

Baiona, 2 de xullo de 2013 // 11.00h.

Vicepresidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices,
Alcalde de Baiona,
Deputadas e deputados,
Senadores,
Amigas e amigos:

Grazas por convidarme a tomar parte na inauguración deste foro organizado por *Sanitaria 2000* (co patrocinio de *NOVARTIS*), un grupo que destaca pola súa profesionalidade e bo facer, tanto no eido editorial como na organización de eventos, como o que hoxe nos convoca, que contribúen a divulgar a realidade do sector.

Grazas, pero tamén parabéns, non só por se ter decantado por Baiona como escenario para este encontro, senón tamén por apostar por un mellor e maior coñecemento da realidade sanitaria desde diferentes ópticas:

- A do coñecemento científico, a través do relatorio sobre o presente e o futuro das vacinas en Galicia, a cargo do doutor Federico Martín Torres, pediatra que acumula xa infinidade de premios por un dilatado traballo como investigador.
- A visión política, da man dos voceiros parlamentarios de Sanidade no Parlamento de Galicia, que falarán sobre a colaboración público-privada. Coñecéndoos como os coñezo, abofé que non defraudarán ao auditorio, coa



garantía engadida da moderación experimentada de Marta Rodríguez.

- A visión técnica, a través dunha mesa de expertos moderados por un histórico da Cámara galega, o exdeputado Francisco Cerviño (“Tuco” para os amigos), que debaterán sobre xestión integrada.
- E, por último, tamén a visión estratéxica do Sergas a partir da conferencia de Nieves Domínguez, xerente do servizo Galego de Saúde, que acredita unha visión xerencial e organizativa fóra de calquera dúbida.

Catro aspectos que, sen dúbida, axudarán a coñecer mellor a realidade sanitaria.

O Encontro de parlamentarios de Sanidade de Galicia brinda a posibilidade de intercambiar impresións nun contexto diferente, lonxe da tensión que ás veces impón o hemiciclo ou unha comisión parlamentaria; e o contacto dos parlamentarios cos profesionais e xestores do sistema achega unha visión plural, e sempre enriquecedora.

Como é lóxico, non me corresponde entrar no detalle dos asuntos a debate; do mesmo xeito que tampouco dispoño de tantos elementos de xuízo como vostedes, que no seu día a día se moven e traballan en maior ou menor medida arredor da realidade do sistema sanitario público.

Permítanme, porén, a licenza de animar a todos vostedes – profesionais do sector e deputados– a procurar os maiores achegamentos para preservar o noso sistema sanitario público, que, como moitas veces teño dito, para si quixeran moitos outros países, algúns deles considerados do primeiro mundo.

Por iso mesmo, resulta obrigado reforzar os puntos en común: hainos e seguramente son máis dos que ás veces pensamos.



Con este espírito, e coa seguridade de que cada un dos aquí presentes, desde os seus diferentes pero sempre lexítimos postulados, buscan o mellor para todos, declaro inaugurado este Encontro de Parlamentarios de sanidade de Galicia.

A todos, moitas grazas.